

## **BASES PARA A CONVOCATORIA DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN POSTOS DE TRABALLO FIXO DA CATEGORIA DE AUXILIAR DE LABORATORIO, PARA O BANCO E SEMEN E LABORATORIOS DE REPRODUCCIÓN DA SOCIEDADE MERCANTÍL PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.**

Xenética Fontao, S.A. é unha sociedade mercantil pública autonómica, coa forma de sociedade anónima e cunha participación maioritaria no capital social da entidade pública instrumental adscrita á Consellería do Medio Rural e do Mar Fondo Galego de Garantía Agraria. Os estatutos da citada sociedade publicáronse mediante Resolución do 6 de outubro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A., autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de setembro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia, número 213, do 6 de novembro*).

Nos citados estatutos se establece que corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacións, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración Autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

En materia de persoal, a sociedade rexerese polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia, en concreto no seu artigo 110.c), que dispón que se poderán celebrar contratos laborais de duración determinada, previa convocatoria mediante anuncio público e designación dunha comisión de selección. Na contratación deberá terse presente ó disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Polo que, en virtude das facultades previstas nos Estatutos da sociedade, e dando cumprimento ao acordo do Consello de Administración da sociedade Xenética Fontao, S.A. de 26 de febreiro de 2026, o presidente do Consello de Administración,

### **RESOLVE:**

**A CONVOCATORIA DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUB POSTOS DE TRABALLO FIXO DA CATEGORIA DE AUXILIAR DE LABORATORIO, PARA O BANCO E SEMEN E LABORATORIOS DE REPRODUCCIÓN DA SOCIEDADE MERCANTÍL PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.**

### **BASES DA CONVOCATORIA**

### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

Convocar Concurso oposición para a contratación con carácter fixo dun **AUXILIAR DE LABORATORIO**, para o Banco de semen e os Laboratorios de reprodución (Laboratorio de Calidade de semen, Laboratorio de semen sexado e laboratorio de fecundación in vitro) de Xenética Fontao, S.A.

### **Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación**

A presente convocatoria publicarase no D.O.G., axustándose no disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, á Lei 2/2015 do empregos público de Galicia (art. 58) e demais normativa concordante.

A dita contratación revestirá a modalidade contractual regulada na lexislación vixente que resulte de aplicación, particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores modificado polo Real Decreto Lei 10/2010, pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional sétima, pola Lei 14//2011 e o Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada laboral será de 37,5 horas semanais, que poderán desempeñarse en quendas de mañá e/ou tarde, en función das necesidades produtivas, procedementais e organizativas da empresa. O posto de traballo estará situado na sede dos Laboratorios de Xenética Fontao, S.A en Fontao - Esperante (27210 - Lugo).

### **Terceira.- Duración**

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter Fixo.

### **Cuarta.- Tarefas a desempeñar**

As actividades a desenvolver consistirán na realización de actividades de auxiliar de laboratorio, fundamentalmente traballando, no Banco de semen e os Laboratios de reprodución (Laboratorio de Calidade de semen, Laboratorio de semen sexado e laboratorio de fecundación in vitro), con material reproductivo Bovino:

-Preparación laboratorial mostras de semen bovino convencional e sexuado para súa crioxenización e contrastación.

-Criogenización e almacenamento de dosis de semen bovino.

- Mantenemento do Banco de Semén da empresa, dos dispositivos, equipos, tanques e demais elementos que interveñen na criogenización con nitróxeno líquido.
- Vigilancia e mantemento de niveles de nitróxeno líquidos e dos seus dispositivos de seguimento.
- Tratamiento do material reproductivo bovino (embriones, semen, dosis de I.A convencionais e sexuadas, etc.) nos procesos de produción, distribuíndo, criogenización, almacenando e rexistrando do mesmo, inclusive o semen sexado e os embrións bovinos.
- Recepción de reactivos e materiais de reprodución bovina necesarios para os procesos de produción, distribuíndo, almacenando e rexistrando os mesmos.
- Preparar as mesturas e disolucións de reactivos de laboratorio, cumprindo as normas de calidade, prevención de riscos e seguridade ambiental.
- Preparar as mostras para a análise e/ou almacenamento seguindo procedementos normalizados e adecuados ás técnicas que se han de utilizar e cumprindo as normas de seguridade para evitar riscos de incendio, explosión ou contaminación.
- Posta en marcha de equipos de produción do material reproductivo (embriones, semen, dosis de I.A convencionais e sexuadas, etc.), verificando a súa operatividade e a dos servizos auxiliares, e a dispoñibilidade de materias e produtos, segundo os procedementos establecidos.
- Tratar, envasar, etiquetar e xestionar os residuos dos laboratorios do Banco de semen e laboratorios de reprodución bovina, seguindo os procedementos establecidos.
- Tramitacións administrativas manexando aplicacións informáticas relativas a produción, control de stocks, envasado e distribución do material reproductivo bovino.
- En xeral participación nas actividades desenvolvidas no Banco de semen e nas unidades laboratoriais da empresa (laboratorio de semen sexado, laboratorio de análise de seme, laboratorio de fecundación in vitro).

#### **Quinta.- Requisitos xerais**

Os/as aspirantes deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos

tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

#### **Sexta.- Requisitos específicos**

Os/as aspirantes deberán acreditar estar en posesión dos seguintes requisitos:

- a) Titulación requirida: Ciclo formativo de grao medio(técnico medio/ FP1 ou equivalente) en laboratorio de análise e de control de calidade, análises clínicos ou equivalente. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite no seu caso, a homologación do título. Este requirimento non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesión reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.
- b) Coñecemento do idioma galego acreditado mediante os cursos de iniciación ou de perfeccionamento da lingua galega ou equivalentes debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba regúlase no anexo I destas bases.
- c) Estar en posesión do carné de conducir (B).
- d) Disponibilidade para desprazarse polo territorio nacional e o estranxeiro.

### Sétima.- Solicitudes e prazo

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura no Anexo II destas bases, NO PLAZO DE 10 DÍAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio das mesmas no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes dirixiranse ó director-xerente de XF, e a súa presentación poderase facer:

-Nas oficinas de rexistro de XF, sitas en LG. FONTAO – ESPERANTE – 27210 LUGO, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

-Nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía o correo electrónico a [administracion@xeneticafontao.com](mailto:administracion@xeneticafontao.com), acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega ó cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección).

O enderezo e teléfono que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

### Oitava.- Documentación a presentar

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia cotexada do título de galego.
- c) Copia cotexada do título de formación profesional esixido.
- d) Copia cotexada dos certificados ou diplomas dos cursos realizados relacionadas cos contidos que figuran na base cuarta desta convocatoria, con especificación da súa duración en horas.
- e) Copia cotexada dos contratos de traballo relacionados relacionadas cos contidos que figuran na base cuarta desta convocatoria.
- f) Copia cotexada dos documentos de adxudicación das bolsas de formación e/ou dos certificados das prácticas de relacionadas cos contidos que figuran na base cuarta desta convocatoria.
- g) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- h) Copia cotexada do carné de conducir (B).

Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos á data da publicación desta convocatoria.

Para os efectos da documentación requirida, admitirase aquela que sexa cotexada por as administracións públicas, organismos autónomos, universidades públicas, axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarse en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 982 284 391, en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

### **Novena.- Procedemento de selección**

O procedemento de selección será o concurso oposición

#### **1.- Comisión de selección**

Para a selección dos/as candidatos/as, constituirase unha comisión de selección designada polo Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A., que estará formada, en virtude do principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 36 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo de traballo e igualdade das mulleres de Galicia, por un/unha presidente/a, dous vogais e un/unha secretario/a. Na comisión poderán participar expertos externos que axuden na cualificación dos candidatos/as nos distintos coñecementos e habilidades requiridas.

Respecto á válida constitución e adopción de acordos da Comisión de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Os membros da Comisión de selección e os expertos externos si é o caso, estarán suxeitos ás causas de abstención previstas no artigo 28 da Lei 30/1192, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os membros da Comisión de Selección deberán estar en posesión de titulación igual ou superior nivel de titulación requerida para o procedemento de selección. A Comisión de Selección non se poderá constituir, nin actuar sen a presenza dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

Os interesados/as poderán promover a recusación en calquera momento da tramitación do proceso de selección en virtude do disposto no artigo 29 da Lei 30/1192, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## **2.- Funcións da comisión de selección**

Son funcións da comisión de selección:

- a) Avaliar a acreditación requirida e outorgarlles as cualificacións ós aspirantes segundo as normas da presente convocatoria.
- b) Formalizar mediante actas todo o proceso selectivo e o resultado final, que se remitirá ó órgano de contratación.
- c) Interpretar o contido destas bases e resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- d) Propor ó Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A. os candidatos/as que obtiveron maior puntuación a efectos de contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á comisión de selección de Xenética Fontao, S.A. con enderezo en Fontao - Esperante (27210 - Lugo).

## **Décima .- Proceso de selección**

Se algún/algunha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgaráselle a máxima puntuación.

### **1ª Fase: Oposición (máximo 60 puntos):**

Versará sobre os contidos recollidos no ANEXO III.

A non superación desta proba con alomenos o 50% da puntuación suporá a eliminación do candidato.

## **2ª. Fase: Concurso de méritos (máximo 40 puntos):**

### **1. Experiencia profesional no sector público autonómico (máximo 30 puntos)**

#### **A. Contratos de auxiliar de laboratorio desenvolvendo as actividades que figuran na base cuarta desta convocatoria:**

- En entes públicos mercantís da Xunta de Galicia: 2 puntos/mes
- En outros entes e administracións públicas: 1 punto/mes

Os contratos a tempo parcial computaranse segundo un criterio de proporcionalidade, de xeito que a puntuación equipararase a da xornada laboral de 37,5 horas/semanais.

#### **B. Bolsas e prácticas de formación relacionadas coas actividades que figuran na base cuarta desta convocatoria (máximo 15 puntos):**

- En entes públicos mercantís da Xunta de Galicia: 2 puntos/mes
- En outros entes e administracións públicas: 1 punto/mes

### **2. Outros méritos (máximo 10 puntos):**

#### **A. Cursos de formación realizados relacionados coas actividades que figuran na base cuarta desta convocatoria.**

- Entre 8-20 horas: 0,5 puntos
- Entre 20-35 horas: 0,75 puntos
- Entre 35-50 horas: 1 puntos
- 50 ou máis horas: 1,5 puntos

## **Undécima.- Lista provisional e definitiva de admitidos**

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a comisión de selección publicará na páxina web: ([www.xeneticafontao.com](http://www.xeneticafontao.com)) e no taboleiro de anuncios da empresa, a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e a súa puntuación.

Na lista constará, en todo caso, o nome e o número do documento de identidade ou documento equivalente, e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as e a súa puntuación. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión. Contra esta lista provisional poderase interpor reclamación no prazo de tres (3) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación.

Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, e nunca aportar nova documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará a lista definitiva de admitidos a fase de oposición, coas puntuacións respectivas, no prazo de dous (2) días hábiles. A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita coa publicación da lista definitiva de convocados a fase de oposición.

A comisión de selección publicará na páxina web: ([www.xeneticafontao.com](http://www.xeneticafontao.com)) e no taboleiro de anuncios da empresa, a data e hora de celebración da fase de oposición.

Asi mesmo na páxina web: ([www.xeneticafontao.com](http://www.xeneticafontao.com)) e no taboleiro de anuncios da empresa, publicarse superada a fase de oposición a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e a súa puntuación total.

Contra esta lista provisional poderase interpor reclamación no prazo de tres (3) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará a lista definitiva de admitidos coas puntuacións respectivas no prazo de dous (2) días hábiles. A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita coa publicación da lista definitiva.

A lista definitiva resultante terá unha vixencia de un ano dende a data da súa publicación, e poderá ser utilizada para a cobertura temporal de postos vacantes desta categoría que puideran producirse neste período.

#### **Duodécima.- Criterios de desempate**

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis persoas aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva: En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente, escala, especialidade ou categoría profesional, a prol da muller. En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na escala, especialidade ou categoría profesional obxecto da convocatoria na Administración ou entidade convocante. En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito da Administración ou entidade convocante. En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante. Nos procesos mediante o sistema de concurso – oposición, o segundo criterio de desempate será a puntuación obtida na fase de oposición.

No caso de persistencia do empate unha vez aplicados os criterios anteriores, este resolverase mediante un sorteo entre os implicados.

#### **Décimo terceira.- Resolución do proceso de contratación.**

Os/as candidatos/as seleccionados por orde de puntuación deberán aceptar ou rexeitar o posto o que concurren, asinando o correspondente contrato fixo. Non poderán Propoñerse para a súa contratación máis candidatos que postos se convocan.

O restantes candidatos, no caso de que os oubera pasaran a integrarse nun lista que terá unha vixencia de un ano dende a data da súa publicación, e poderá ser utilizada para a cobertura temporal de postos vacantes desta categoría que puideran producirse neste período.

#### **Décimo cuarta.- Datos de carácter persoal**

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Os/As candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoos nas oficinas de XENÉTICA FONTAO, S.A. en Fontao - Esperante (27210 - Lugo), en horario de 09:00 a 14:00 horas.

#### **Décimo quinta .- Recursos**

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A., nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

#### **Décimo sexta.- Órgano de contratación**

Corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacións, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

### **Décimo sétima.- Disposición final**

A participación neste proceso selectivo por parte dos/as candidatos/as supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Lugo, 26 de febrero de 2026

A presidente do Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A.

## ANEXO I

### PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sexta da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

O exercicio realizarase antes do inicio da fase de oposición e será cualificado como apto ou non apto.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola comisión de selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta
- As respostas en branco non puntúan
- As dobres respostas e as que non estean claras se considerarán incorrectas

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

O finaliza-lo exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respostas correctas do cuestionario, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios de XENÉTICA FONTAO, S.A. e na páxina web de XENÉTICA FONTAO, S.A..

A comisión de selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes.

Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.

**ANEXO II****SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN CON CARACTER FIXO DUN POSTO DE AUXILIAR DE LABORATORIO DO BANCO E SEMEN E LABORATORIOS DE REPRODUCCIÓN PARA A SOCIEDADE PÚBLICA XENÉTICA FONTAO, S.A.**

Apelidos:.....  
Nome:..... NIF:.....  
Enderezo:.....  
Localidade:..... Provincia:.....  
Código Postal:.....Teléfono:..... E-mail:.....  
Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....  
Nº de afiliación á Seguridade social:.....  
Titulación .....

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao tratamento dos mesmos.

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO**

- Copia do DNI.
- Copia cotexada do título Celga 4 ou equivalente.
- Copia cotexada do título de formación profesional esixido.
- Copia cotexada dos certificados ou diplomas dos cursos relacionados cos contidos que figuran na base cuarta desta convocatoria, con especificación da súa duración en horas.
- Copia cotexada dos contratos de traballo relacionados cos contidos que figuran na base cuarta desta convocatoria.
- Copia cotexada dos documentos de adxudicación das bolsas de formación e/ou dos certificados das prácticas de formación relacionadas cos contidos que figuran na base cuarta desta convocatoria.
- Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- Copia cotexada do carné de conducir (B).

Fago constar que a presente documentación consta de \_ folios, numerados correlativamente do 1 ao \_\_

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:.....

### ANEXO III

#### **MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ O EXAME para Técnico Medio de FP1/especialidade de Laboratorio. Auxiliar de Laboratorio (Total 60 puntos)**

##### **I- Temario Teórico para Técnico Medio de FP1/especialidade de Laboratorio. Auxiliar de Laboratorio (Total 30 puntos).Exame tipo test.**

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I, artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V, e título VIII.
2. Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia: Título preliminar, título I e título III.
3. Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: Título preliminar.
4. Preparación do material reprodutivo bovino, envasado e a súa crioxenización.
5. Almacenamento de material reprodutivo bovino, indexado e localización nun Banco de Seme Bovino.
6. Preparación do material reprodutivo bovino de cara súa distribución.

##### **I- Exame práctico para Técnico Medio de FP1/especialidade de Laboratorio. Auxiliar de Laboratorio (Total 30 puntos)**

- 1-Preparación do material reprodutivo bovino de cara súa distribución. Operacións prácticas con semen sexado. Control de stocks.
- 2-Mantenemento práctico dun Banco de Semén bovino, e dos dispositivos, equipos, tanques e demais elementos que interveñen na criogenización con nitróxeno líquido.
- 3-Vigilancia e mantemento de niveles de nitróxeno líquidos e dos seus dispositivos de seguimento.
- 4- Recepción de reactivos e materiais de reprodución bovina necesarios para os procesos de produción, distribuíndo, almacenando e rexistrando os mesmos.